

PRESENTACIÓN

A presente publicación é un compendio do primeiro volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia (en diante MSG). Con ela preténdese difundir os resultados máis significativos do citado volume sen afán de substituílo, senón de facilitá-lo acceso ós datos alí recollidos.

O estudio tenta ofrecer unha visión actual e rigorosa de dous elementos nucleares da configuración sociolingüística da nosa comunidade: a lingua inicial e a competencia lingüística en galego. A elección destes dous factores baséase, en primeiro lugar, en que a competencia lingüística é, como se sabe, un poderoso condicionante da conducta lingüística, no sentido de que quen non domina un idioma non pode utilizalo; e en segundo lugar en que, aínda que nunha comunidade coma a galega a lingua inicial non sempre determina a conducta lingüística -dado que a coexistencia de dúas linguas da mesma familia favorece o cambio e o intercambio de códigos- o idioma no que un individuo aprendeu a falar, á parte de albergar unha morea de connotacións culturais, convértese nun referente central para comprender fenómenos coma a fidelidade ou a vitalidade lingüísticas.

O traballo está artellado en tres núcleos temáticos: a lingua inicial, a competencia lingüística e a súa evolución, e os ámbitos de aprendizaxe do galego. Cada un deles foi estudiado en dous niveis: un primeiro amplo, referido ó conxunto da poboación galega, e un segundo máis reducido, pero non por iso menos importante. No primeiro, tentamos presentar cada un destes factores desde unha perspectiva xeral, coa intención de ofrecer unha panorámica global de cada fenómeno tomando todo o territorio galego como unha unidade. No segundo, procuramos afondar na análise de cada variable facendo unha selección de sectores de entre os 34 en que dividimos Galicia. Esta selección guiouse principalmente por un criterio de diversidade demográfica e de hábitat: a representatividade do feixe de sectores resultante non se deriva tanto da coincidencia con outros das súas mesmas características (demográficas, económicas ou de hábitat), como da súa diversidade, que reflicte a existente en Galicia. A conxunción destes dous procedementos favorece a comparanza dos resultados, tanto entre sectores coma de cada un co conxunto da mostra galega. No apartado dedicado á metodoloxía que segue a estas liñas encontrará o lector, ademais dunha explicación máis minuciosa deste proceder, aquelas referencias imprescindibles que lle axudarán a comprender-las coordenadas das que se partiu para a elaboración deste traballo.

Este estudio confirma, desde unha perspectiva empírica, certas premisas coas que se viña caracterizando a situación sociolingüística de Galicia. Neste sentido, tenta responder á necesidade de contar con traballos que poidan corroborar, alomenos cuantitativamente, aqueles supostos formulados en moitos casos máis de xeito intuitivo ca experimental. Quixemos comprobar hipóteses tales coma a maior implantación do galego como lingua inicial entre os falantes do medio non urbano e os que teñen un menor nivel de estudos, a implantación do castelán na cidade, a maior competencia oral nos habitantes do rural e nas persoas de maior idade, a maior competencia escrita nas clases máis altas e nos mozos, a importancia da familia e da escola como transmisores do galego, etc.

Pero tamén tentamos atopar tendencias que puidesen resultar transcendentais para o futuro da lingua galega. Somos conscientes de que a relevancia dalgúns fenómenos coma o bilingüismo inicial (a miúdo acompañado dun descenso do monolingüismo inicial en galego) ou a

caída da competencia oral entre a mocidade, merecerían un tratamento específico. A algúns lectores poderalles parecer que o tratamento destes e doutros temas é insuficiente: as características da colección impedíronnos unha discusión máis pormenorizada, do mesmo xeito que nos obrigaron a seleccionar só uns poucos sectores. O lector interesado en afondar nos contidos deste estudio pode recorrer ó volume primeiro do MSG, do que este traballo é só un compendio.

O estudio advirte da importancia que adquiren para unha axeitada comprensión da situación sociolingüística de Galicia aspectos coma o influxo da realidade cultural nos feitos lingüísticos ou a relatividade do concepto de fidelidade lingüística. Paradoxalmente, a maior competencia escrita en galego, salvando as variacións que introducen a idade e o hábitat, achámola a miúdo entre quen non aprendeu a falar neste idioma. Por outra banda, aínda que o estudio corrobora moitas das tendencias do cambio lingüístico na dimensión interxeracional, tamén advirte da necesidade dunha interpretación minuciosa no eixe intraxeracional e do papel que desempeña neste proceso certa presión sociolóxica que se reflicte especialmente no hábitat urbano. O lector poderá, así mesmo, comproba-la evolución da competencia e o seu ritmo. O estudio confirma que no último decenio se produciu unha notable mellora na competencia escrita, especialmente entre a mocidade. Entre os factores que explican tal progresión atópase, sen dúbida, o da implantación do galego nas aulas.

Finalmente, cómpre resaltar que o traballo presenta tres posibles niveis de lectura. O primeiro corresponde á parte gráfica: mapas e gráficos tentan resumir de forma plástica os fenómenos máis relevantes detectados. Un segundo nivel constitúeno os comentarios sobre estes fenómenos; aínda que algunhas veces puidesen parecer redundantes, cumpren unha función orientadora e explicativa relacionando cada parte co conxunto do traballo. Por último, ofrecémo-la posibilidade dunha lectura minuciosa a través das táboas de continxencia entre os factores independentes nos que se basea calquera estudio sociolingüístico -idade, hábitat, sexo, etc.- e as variables que configuran o esqueleto deste traballo. Quixemos, deste xeito, que o rigor científico non fose un obstáculo para divulgar unha realidade que, en definitiva, é de todos.